Telfs: 981 600 009 – 981 659 000
web. www.arteixo.org

FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL
"Una manera de hacer Europa"

UNIÓN EUROPEA

# PROCEDEMENTO INSCRICIÓN
# ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES EDUCATIVAS 2020/2021

Desde a Concellaría Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación, comunicamos que o procedemento de inscrición no Programa de Actividades Extraescolares Educativas para o vindeiro curso 2020/2021 será o seguinte:

| FASE | Prazo | Lugar | Horario |
|---|---|---|---|
| Solicitude praza (preinscrición) | 10 – 14 de agosto | No Departamento de Educación | 09.00 – 14.00 h |
| | | educacion@arteixo.org | |
| Exposición de persoas preinscritas | 18 de agosto | www.arteixo.org e taboleiros de anuncios | |
| Sorteo público | 21 de agosto | Departamento de Educación | 10.00 h |
| Exposición listaxe de persoas admitidas | 21 de agosto | www.arteixo.org e taboleiros de anuncios | |
| Matrícula | 24 – 31 de agosto | No Departamento de Educación ou no correo electrónico educacion@arteixo.org | 09.00 – 14.00 h |
| Inscrición libre | A partir do 1 de setembro | No Departamento de Educación ou no correo electrónico educacion@arteixo.org | 09.00 – 14.00 h |
| Todas as inscricións realizadas entre o 1 e o 10 de setembro comezarán as actividades a partir do día 14 de setembro | | | |
| Todas as inscricións realizadas a partir do día 10 de setembro comezarán as actividades a partir do día 1 de outubro | | | |

# INSCRICIÓN:

- **Prazo de preinscrición:** do 10 ao 14 de agosto
  - O impreso de preinscrición poderase recoller nas oficinas do Departamento de Educación ou descargalo na páxina web municipal www.arteixo.org. Deberase entregar no Departamento de Educación, en horario de atención ao público (de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas). Do mesmo xeito poderase enviar ao correo electrónico educacion@arteixo.org.
  - No caso que o número de solicitudes supere ao das prazas ofertadas, terá lugar un sorteo público procedéndose á asignación de prazas a partir da primeira letra do primeiro apelido.
- **Exposición de persoas preinscritas**: A partir do 18 de agosto na páxina web municipal.
- **Sorteo público**: 21 de agosto ás 10:00 h no Departamento de Educación
- **Exposición da listaxe de persoas admitidas**: A partir do 21 de agosto na páxina web municipal
- **Prazo de matrícula**: As persoas admitidas terán un prazo (24 ao 31 de agosto) para formalizar a matrícula de cada actividade, debendo entregar o xustificante de pagamento, exclusivamente no Departamento de Educación. No caso contrario, procederase á anulación da praza.
- Deberá achegarse a folla de inscrición e recibo de pago
- De quedaren prazas libres, seguirán facéndose inscricións a partir do 1 de setembro.
- Lembramos que o calendario de actividades rexerase polo establecido pola Consellería de Educación en todo o referente ás vacacións e días non lectivos.
- Pódese efectuar o pago do prezo público nas entidades bancarias habituais ou a través do TPV virtual na páxina web municipal (http://www.arteixo.org/servizos/pagos-online).

# Outras consideracións

- **Comezo das actividades**: Primeiro día lectivo do curso para o alumnado que teña formalizada a matrícula durante o mes de agosto.
  - Todas as inscricións que se realicen entre o **1 e o 10 de setembro,** comezarán a partir do día **14** do mesmo mes
  - Todas as inscricións realizadas **a partir do día 10 de setembro**, comezarán **a partir do día 1 de outubro.**
- **Inscricións**
  - Actividades educativas: Departamento de Educación (Av dos Bosques 16),de luns a venres de 09.00 a 14.00 h. Teléfono: 981647294.

- **Número de prazas limitadas**. Precísase un número mínimo de participantes para levar a cabo a actividade *(5 participantes)*
- Debido á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 a inscrición na actividade non garante a súa continuidade ao longo do curso escolar e teremos que adaptarnos ás indicacións e normativa vixente ao respecto en cada momento.
- **Servizos complementarios.** Ocioteca: dirixida só para o alumnado que empregue regularmente o servizo de comedor ou transporte escolar e asista a algunha actividade extraescolar o día no que solicita a inscrición na ocioteca. É obrigatorio facer unha inscrición previa.
- **Prezo Público e forma de pago**: determinado pola ordenanza fiscal número 34 ou normativa que a substitúa. O prezo público pode ser obxecto de redución segundo as circunstancias socioeconómicas da unidade familiar.
- **Formas de pago**:
  - Abonar o importe total nun só pago: xunto coa inscrición.
  - Abonar en dous prazos (cando o prezo a aboar por alumno sexa superior a 50 €)
    - Xunto coa inscrición: 50 %
    - 1-20 febreiro: 50%
- A baixa na actividade ao longo do curso non exime do pago do segundo prazo.
- **Importante**: en aplicación das normativas dos centros, queda terminantemente prohibida a permanencia no recinto escolar das persoas acompañantes do alumnado que asiste á actividade.

| Actividades extraescolares nos centros escolares | | | |
|---|---|---|---|
| 2.2.2 | | Actividades Educativas Extraescolares por curso | |
| | 2.2.2.1 | Actividades 1 hora semanal | 25 € |
| | 2.2.2.2 | Actividades 2 horas semanais | 38 € |
| | 2.2.2.3 | Actividades 3 horas semanais | 55 € |
| | 2.2.2.4 | Actividades 4 horas semanais | 65 € |
| | 2.2.2.5 | Actividades 5 horas semanais | 80 € |
| | 2.2.2.6 | Actividades 6 horas semanais | 110 € |
| | 2.2.2.7 | Actividades 7 horas semanais | 120 € |
| | 2.2.2.8 | Actividades 8 horas semanais | 125 € |

## ACTIVIDADES EDUCATIVAS CEIP PONTE DOS BROZOS

<table>
<tr><th>HORARIO</th><th>LUNS</th><th>MARTES</th><th>MÉRCORES</th><th>XOVES</th><th>VENRES</th></tr>
<tr><td rowspan="4">16:00 -17:00</td><td rowspan="2">Técnicas de estudo<br>(inclúe ábaco)<br>3º- 6º EP</td><td rowspan="2">Novas tecnoloxías Informática/robótica<br>1º 2º EP<br>Grupo A</td><td rowspan="2">Taller de ciencia - Investigamos<br>EI e 1º2º EP</td><td rowspan="2">Idioma estranxeiro<br>1º - 4º EP</td><td>Música<br>EI 1º 2º EP</td></tr>
<tr><td>Instrumento-Guitarra<br>3º a 6º EP</td></tr>
<tr><td>Baile galego<br>(Infantil e primaria)</td><td rowspan="2">Taller de Arte<br>EI</td><td rowspan="2">Novas tecnoloxías Informática/robótica<br>3º 6º EP<br>Grupo A</td><td rowspan="3">Teatro<br>2º - 6º EP<br>(2 horas: 16-18 h)</td><td rowspan="2">Taller de emprendemento<br>2º - 6º EP</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Teatro EI 1º EP<br>(2 horas: 16-18 h)</td></tr>
<tr><td rowspan="3">17:00-18:00</td><td>Novas tecnoloxías Informática/robótica<br>1º 2º EP<br>Grupo B</td><td>Novas tecnoloxías Informática/robótica<br>3º 6º EP<br>Grupo B</td><td>Baile moderno<br>( 4º 5º 6º EP)</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Pandeireta<br>(Infantil e primaria)</td><td>Baile moderno<br>EI</td><td>Artesanía/ Manualidades<br>2º - 6º EP</td><td>Idioma estranxeiro<br>EI</td><td rowspan="2">Xogando<br>EI / 1º 2º EP</td></tr>
<tr><td>Taller de Arte<br>EP</td><td>Oratoria<br>5º - 6º EP</td><td>Baile moderno<br>1º - 3º EP</td></tr>
</table>

CONCELLO DE ARTEIXO
Telfs: 981 600 009 – 981 659 000
web. www.arteixo.org

FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL
"Una manera de hacer Europa"

UNIÓN EUROPEA

# SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 2020 / 2021
# CEIP PONTE DOS BROZOS

| | | | |
|---|---|---|---|
| APELIDO 1 | | APELIDO 2 | |
| NOME | HOME ☐ MULLER ☐ | D.N.I. | DATA DE NACEMENTO: |
| CENTRO ESCOLAR | | | CURSO: |
| CONCELLO | ENDEREZO | | |
| CÓDIGO POSTAL | TELEFONO FIXO | MÓBIL | |
| NECESIDADES ESPECIAIS OU ALERXIAS: | | | |
| Nome e Apelidos do pai/nai ou titor/a legal | | D.N.I./N.I.E | |

**Solicita** a inscrición na seguintes **actividades extraescolares**:

| | |
|---|---|
| 1ª | 5ª |
| 2ª | 6ª |
| 3ª | 7ª |
| 4ª | 8ª |

**Solicita** a inscrición na **ocioteca** nos seguintes horarios:

| HORARIO | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 16:00 a 17:00 | | | | | |

**Bases e requisitos**:

1. Haberá que inscribirse obrigatoriamente Departamento de Educación antes de aboar a prezo público. A continuación deberá entregar o comprobante de pago no Departamento de Educación en horario de luns a venres de 09.00 a 14.00 h.
2. A persoa asinante declara ser certos os datos achegados. No caso de que o Concello detecte falsidade en devanditos datos, o alumno causará baixa automaticamente, sen dereito a devolución dos prezos públicos abonados.
3. O Concello de Arteixo, resérvase o dereito a efectuar as modificacións das instalacións, horarios, profesorado, cambios de grupo, etc. que se consideren necesarias.
4. O/a alumno/a, e no seu caso o seu titor/a fai constar que non padece ningunha enfermidade que lle incapacite para a prática da actividade deportiva ou educativa, tendo realizado o oportuno recoñecemento médico.
5. A persoa asinante é coñecedora da obriga de non permanecer nas instalacións do centro no horario de desenvolvemento das actividades extraescolares.
6. O calendario de actividades será o establecido pola Consellería de Educación, coas vacacións de Nadal, Entroido e Semana Santa.
7. INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS - ACTIVIDADES DE OCIO, CULTURA E DEPORTES
   De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE ARTEIXO, con dirección PRAZA ALCALDE RAMON DOPICO, Nº 1-15142 ARTEIXO (A CORUÑA).
   1.- FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados para facerlle partícipe da actividade promocionada descrita na presente solicitude, así como a xestión administrativa derivada da mesma. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado
   USO DE FOTOGRAFÍAS: con fin de promocionar as actividades organizadas polo Concello, gustaríanos que nos autorizase para utilizar as súas fotografías no noso Facebook e web municipal. Por favor, marque a casa que se axuste aos permisos que quere darnos:
   ☐ Si, dou o meu consentimento para que se publiquen as fotografías a través da rede social e páxina web mencionada
   ☐ Non dou o meu consentimento para que se publiquen as fotografías a través da rede social e páxina web mencionada
   PRAZO DE CONSERVACIÓN: os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas.
   2.- LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular
   3.- DESTINATARIOS DE CESIÓNS: CONCELLO DE ARTEIXO cederá os seus datos de carácter persoal á empresa contratada para desenvolver a actividade, coa intención única de prestar o servizo para o que se lle contratou
   4.- DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.
   O CONCELLO DE ARTEIXO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade
8. Ademais do titor asinante, as persoas autorizadas a recoller o/a menor son:

Nome ____________________________________________________________ DNI___________________

Nome ____________________________________________________________ DNI___________________

Asdo. ............................................................ Arteixo, .... de ....................... de 2020

# DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE CONDICIÓNS DE SAÚDE, COÑECEMENTO DE RISCOS E CONSENTIMENTO INFORMADO

Don/Dona ......................................................................con DNI.................................. como proxenitor/titor-a da persoa participante na/as actividade/s extraescolar/es educativa/s para as que solicita a inscrición

**Declaración responsable de condicións de saúde**

☐ Declaro que a persoa participante na/s actividade/s non está diagnosticada de COVID-19, non presenta sintomatoloxía asociada a este virus no momento de participación periódica na/s actividade/s (tose, febre, dificultade ao respirar, etc.) nin a presentou durante os 14 días previos á participación periódica e non padece ningunha outra enfermidade contaxiosa.

☐ Declaro que a persoa participante non convive con ninguén afectado polo COVID-19 nin estivo en contacto estreito nin compartiu espazo sin gardar a distancia interpersoal cunha persoa afectada polo COVID-19, nos 14 días previos á participación periódica na actividade.

☐ Comprométome a notificar inmediatamente ao Departamento de Educación calquera problema de saúde vinculado co COVID-19 durante o transcurso da/s actividade/s.

**Declaración de coñecemento dos riscos das persoas vulnerables**

☐ Sendo a persoa participante persoa vulnerable e/ou convivinte cunha persoa vulnerable, declaro que son consciente do risco que corre tanto a persoa vulnerable participante coma as persoas vulnerables coas que convive e que tras unha infección por este virus, as manifestacións da enfermidade poden ser máis severas que noutras persoas de grupos non considerados vulnerables.

**Consentimento informado sobre COVID-19**

☐ Declaro que son consciente dos riscos que implica, para a persoa participante e para as persoas que conviven con ela, a participación na/s actividade/s no contexto da crise sanitaria provocada polo COVID-19, que asumo baixo a miña propia responsabilidade.

Asdo. ………………………………………………….. Arteixo, …. de …………………… de 2020